

## CIRCULAR INFORMATIVA

A todos os pais/nais ou titores/as legais:

Informámoslles que está aberto o prazo de presentación de solicitudes para participar no Programa de Gratuidade Solidaria de libros de texto e material escolar para o curso 2024-2025 (DOG 20/05/20224).

[ORDE do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan as axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/25 \(códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H\).](#)

### MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN:

1. Solicitudes para participar no **fondo solidario** de libros de texto, 3º, 4º de EP.  
**Para o curso 2024-25, o alumnado de 5º e 6º curso está EXCLUÍDO da participación no fondo solidario de libros** por non traballar con libros de texto. Está concedido o Proxecto de educación dixital ([E-DIXGAL](#)) e empregaranse libros dixitais cun portátil para cada alumno/a.
2. Solicitudes de axudas para adquirir **libros de texto**, 1º e 2º de EP.
3. Solicitudes de axudas para adquirir **material escolar** para todo o alumnado, incluído 5º e 6º curso.
  - **TODAS AS SOLICITUDES REALIZARASE A TRAVÉS DUN ÚNICO FORMULARIO NORMALIZADO (ED330B - Anexos I e II) dispoñible na aplicación fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>)**

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** do 21 de maio ao 21 de xuño (incluídos)

**FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

1. **Preferiblemente TELEMÁTICA:** Neste caso, unha solicitude por alumnos/a <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>  
Esta enlace permite a **presentación en liña (a través da [sede electrónica](#)) ou presencial**. Se opta pola **presencial**, imprimirán o anexo I (solicitude) e o anexo II (comprobación de datos) e presentaranos no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación. A solicitude xa terá asignado un número pola aplicación.
2. **PRESENTACIÓN NO CENTRO** escolar ou en calquera dos rexistros establecidos no Procedemento Administrativo común. Neste caso, unha soa solicitude por familia. Descarga do formulario normalizado (ED330B [Anexo I e Anexo II](#)).
3. **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA** a presentar coa solicitude: copia da documentación que se recolle no Anexo I ([artigo 11 da convocatoria](#)). Esta documentación **deberá ter validez no momento da presentación**.

*\*NON será necesario xuntar coa solicitude os DNIs, NIEs, acreditacións de discapacidade expedidas pola Xunta, acreditacións de pensión por incapacidade, ou declaracións de IRPF, sempre que NON sinala oposición á comprobación telemática pola administración (para a declaración de IRPF requírese autorización expresa) [artigo 12 da Orde de convocatoria]*

A administración poderá reclamar a presentación de documentación cando non sexa posible a verificación por vía telemática

#### 4. OUTROS ASPECTOS IMPORTANTES:

- **Para a consignación dos datos terase en conta a situación a 31/12/2022**, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores e nos casos de violencia de xénero que se aplicará o disposto na súa lexislación específica, e no caso de falecemento dalgunha das persoas proxenitoras.
- **Os datos consignaranse en base ao exercicio fiscal do ano 2022**. Sumaranse os datos das casillas 435 e 460 da declaración da renda de todos os membros computables e dividirase entre o número de membros que formen a unidade familiar (**artigo 4**). Cando non se presentase a declaración, sumaranse os ingresos netos obtidos durante o 2022.
- **Para a consideración de membros computables da unidade familiar ver artigo 4 da convocatoria**.
- **Asignación de libros e contías:**

	Renda per cápita familiar		Calquera renda per cápita					
	≤ 6.000€	> 6.000 e ≤ 10.000€	En garda ou tutela da Xunta	Discapacidade ≥ 65%		Educación especial		
	Libros de texto		Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material
1º e 2º EP	240€	160€	240€		300€			
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros	Fondo: 4 libros	Fondo: 6 libros	75€	Fondo: 6 libros ou: 300€	75€	300€	75€
Alumnado con NEAE – EP <sup>(1)</sup>	240€	160€	240€					
	Material							
	≤ 6.000€	> 6.000 e ≤ 10.000€						
	75€	60€						

- **O alumnado de 6º EP que promociona á ESO** deberán solicitar as axudas para a adquisición de libros de texto, material escolar e participación no fondo solidario no IES onde estea admitido/a. **A data límite será o 21 de xuño (incluído)**.
- **Anexo I e II (ED330B), aspectos a ter en conta ao cumprimentar os documentos:**  
**Os datos da persoa solicitante** son os do pai/nai. Nos **datos do alumno/a**, hai que poñer a todos os fillos/as matriculados en educación primaria para os que se solicita a axuda. No apartado de “**membros computables da unidade familiar**”, deberase indicar aos membros distintos da persoa solicitante e do alumnado para o cal se solicita a axuda. **No anexo II, hai que poñer a todos os membros computables da unidade familiar e asinar nos recadros correspondentes. En caso de menores debe asinar o pai/nai.**

#### REQUISITOS:

1. **Ter devolto os libros de texto e material reutilizable** adquiridos coas axudas para libros ou os recibidos do fondo solidario no curso 2023-24. **Prazo máximo 21 de xuño (Incluído)**.
2. Exceptúase o alumnado de 1º e 2º curso, alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, sempre que non sexan reutilizables.

**RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES:** o 28 de xuño publicarase no taboleiro interior do colexio o listado provisional de solicitudes admitidas. **Os libros do fondo serán entregados ao alumnado en setembro.**

**RECLAMACIÓNS:** 2 días seguintes á publicación provisional. Posterior publicación listaxe definitiva.

**CHEQUES:** Os vales das axudas de libros e material escolar serán entregados os días 4 e 5 de xullo de 10:00 h. a 13:00 h. **Aqueles vales que non sexan recollidos entregaranse en setembro.**